



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 15 de setembro de 2023



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 15 DE SETEMBRO DE 2023.

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación das actas das sesións plenarias seguintes: constitutiva, número 9/2023, do 18 de xullo; extraordinaria e urxente, número 10/2023 do 27 de xullo e extraordinaria número 11/2023, do 4 de agosto.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 24 de xuño de 2023 ata o 8 de setembro de 2023.
3. Dación de conta da resolución da Presidencia sobre nomeamento de presidentes das Comisións Informativas Permanentes
4. Dación de conta da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás comisión informativas
5. Proposición da Presidencia sobre a modificación do acordo sobre o nomeamento de representantes da Deputación Provincial da Coruña en organismos varios adoptado no Pleno de Organización celebrado o 27 de xullo de 2023.
6. Proposición da Presidencia sobre a modificación do acordo sobre a creación, atribucións, composición e réxime de sesións das Comisións Informativas Permanentes adoptado no Pleno de Organización celebrado o 27 de xullo de 2023.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

7. Ratificación da Resolución da Presidencia 29740 de 27 de xullo de 2023 pola que se aproba a nova composición da mesa de contratación permanente da Deputación provincial da Coruña
8. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CARNOTA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora da eficiencia enerxética do campo de fútbol de Lombáns
9. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de CORCUBIÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de Rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión
10. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de PONTEDEUME para o cofinanciamento das obras de Mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña
11. Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de PADRÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera
12. Aprobación dunha prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de MUXÍA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento



das obras de Mellora do viario entre o núcleo de Leis e o límite municipal de Muxía

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

13. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforzo de firmes e mellora da estrutura viaria nas parroquias de Loureda, Morás, Oseiro e Arteixo (Zona Este)", do Concello de Arteixo, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0306.0.

14. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora dos accesos e servizos á praia de Mañóns" do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0122.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

15. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do saneamento en Caldebarcos", do Concello de Carnota, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0142.0

16. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodaxe en Carballo de Abaixo", do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0127.0

17. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reurbanización da rúa Antonia Montero", do Concello de Fene, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0460.0

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

18. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a xuño de 2023.

19. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (na súa fase de disolución e liquidación), correspondente a xullo de 2023.

20. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xuño de 2023 e proxección a 31/12/2023.

21. Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao segundo trimestre de 2023.

22. Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2022.

23. Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2022.



24. Dación de conta da tramitación pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) das contas anuais do exercicio 2022.

25. Aprobación dos estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios do exercicio 2022.

26. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Paderne respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

27. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Cerceda respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

28. Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Ponteceso respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

29. Dación de conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2024.

30. Dación de conta da resolución de presidencia número 24090/2023, relativa a persoal eventual.

31. Dación de conta das resolucións de presidencia números 29895/2023, 29898/2023, modificada pola número 30539/2023, 30144/2023, 30145/2023, 30156/2023 e 30959/2023 relativas a persoal eventual.

Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria

32. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do proxecto "Galicia remota - Carnota"

33. Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Moeche polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do proxecto "Dinamización e potenciación turística do recinto feiral de Moeche e as súas feiras monográficas 2023"

Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente

34. Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar o proxecto "Posta en Valor do Patrimonio Natural da Serra do Careón"

35. Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Fundación PAIDEIA GALIZA para financiar o proxecto "Marketing dixital, Empregabilidade e cooperativismo" no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2023

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 15 de setembro de 2023.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 15 de setembro de 2023, réunese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial.

Deputados/as

Asistentes:

Dona María Soledad Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado De La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María Del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad De Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Don Carlos Martínez Carrillo	PP
Dona María Del Mar Méndez Vilela	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Dona María Jesús Novo Gómez	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Fernando Pérez Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Roberto Rey Martínez	PP
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Excusados:

Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don José Manuel López Varela	PP

Actúa como secretaria: dona Amparo Taboada Gil, secretaria xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:03 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

1.- Aprobación das actas das sesións plenarias seguintes: constitutiva, número 9/2023, do 18 de xullo; extraordinaria e urxente, número 10/2023 do 27 de xullo e extraordinaria número 11/2023, do 4 de agosto.



VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbanse, por unanimidade, as actas das sesións plenarias seguintes: constitutiva, número 9/2023, do 18 de xullo; extraordinaria e urxente, número 10/2023 do 27 de xullo e extraordinaria número 11/2023, do 4 de agosto.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 24 de xuño de 2023 ata o 8 de setembro de 2023.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 24 de xuño de 2023 ata o 8 de setembro de 2023.

3.- Dación de conta da resolución da Presidencia sobre nomeamento de presidentes das Comisións Informativas Permanentes

A Corporación toma coñecemento da Resolución da Presidencia número 33137, do 30.08.2023, que literalmente di:

"Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Ao abeiro do disposto no artigo 96 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial da Coruña (RODC), consonte ao acordo do Pleno sobre o número, denominación e composición das Comisións Informativas.

RESOLVO:

Delegar a presidencia das Comisións Informativas Permanentes e nomear Presidentes e Presidentas aos/ás seguintes deputados/as:

1.Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital:

Don José Ramón Rioboo Castro

2.Comisión de Política Social, Educación e Mocidade:

Dona María del Mar García Vidal

3.Comisión de sectores produtivos: Mar e Medio Rural:

Dona Cristina Capelán Cancelo

4.Comisión de Promoción Turística, Artesanía, Comercio e Cadea Agroalimentaria:

Don Xosé Regueira Varela

5.Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios:

Dona Cristina García Rey

6.Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais:

Dona Mónica Rodríguez Ordóñez

7.Comisión de Cultura, Lingua e Dereitos Civís:

Dona Natividad de Jesús González Rodríguez

8.Comisión de Deporte:

Don Antonio Leira Piñeiro

9.Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos:



Don Xosé Penas Corral

10.Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente:

Dona Rosa Ana García López

A inclusión de asuntos fóra da orde do día nas sesións ordinarias das Comisións Informativas Permanentes, a iniciativa do presidente/a da comisión correspondente, requirirá a conformidade previa do Presidente da Deputación da Coruña, como órgano delegante da presidencia de cada unha das comisións.

A presente resolución producirá efecto desde a data da sinatura da presente Resolución, será notificada de inmediato aos/ás designados/as e publicada no Boletín Oficial da Provincia. Da mesma darase conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre".

4.- Dación de conta da comunicación dos grupos políticos coa adscrición dos/as deputados/as ás comisión informativas

A Corporación toma coñecemento da comunicación dos grupos políticos coa adscrición concreta a cada Comisión Informativa dos membros da Corporación en representación de cada grupo, en cumprimento do establecido no artigo 96 do Regulamento orgánico desta Deputación provincial.

A composición das Comisións informativas é a seguinte:



COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO ¹	PP	PSdeG-PSOE	BNG	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
COMISIÓN DE CULTURA, LINGUA E DEREITOS CIVÍS	Presidenta: Natividade de Jesús González Rodríguez Secretaria: Mercedes Fernández-Albalat Ruiz	Caamaño López, José Manuel Calvelo Martínez, José Carlos Lorenzo Torres, Miguel Martínez Carrillo, Carlos Méndez Vilela, María Del Mar	García López, Rosa Ana Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica	Agra Tuñas, María Soledad González Rodríguez, Natividade De Jesús	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE DEPORTE	Presidente: Antonio Leira Piñeiro Secretaria: Manuela Muñiz Souto	López Varela, José Manuel Novo Gómez, María Jesús Pérez Fernández, Fernando Rey Martínez, Roberto Rodríguez Martínez, Roberto	García López, Rosa Ana Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica	Agra Tuñas, María Soledad Veira González, Avia	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE SECTORES PRODUCTIVOS: MAR E MEDIO RURAL	Presidenta: Cristina Capelán Cancelo Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Caamaño López, José Manuel Martínez Carrillo, Carlos Novo Gómez, María Jesús Pérez Fernández, Fernando Rey Martínez, Roberto	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María	García Rey, Cristina González Rodríguez, Natividade De Jesús	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE POLÍTICA SOCIAL, EDUCACIÓN E MOCIDADE	Presidenta: María Del Mar García Vidal Secretaria: Carolina Buhigas Jack	Caamaño López, José Manuel López Varela, José Manuel Méndez Vilela, María Del Mar Novo Gómez, María Jesús Rodríguez Martínez, Roberto	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María	González Rodríguez, Natividade De Jesús Veira González, Avia	Ángel García Seoane



COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO'	PP	PSdeG-PSOE	BNG	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
COMISIÓN DE INFRAESTRUTURAS VIARIAS E OBRAS PROVINCIAIS	Presidenta: Mónica Rodríguez Ordóñez Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Calvelo Martínez, José Carlos López Varela, José Manuel Martínez Carrillo, Carlos Pérez Fernández, Fernando Rey Martínez, Roberto	Lage Tuñas, José Manuel Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica	Penas Corral, Xosé Luis Veira González, Avia	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E EQUIPAMENTOS	Presidente: Xosé Luis Penas Corral Secretario: Luis Jaime Rodríguez Fernández	Caamaño López, José Manuel García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel Méndez Vilela, María Del Mar Novo Gómez, María Jesús	Lage Tuñas, José Manuel Leira Piñeiro, Antonio Neira Fernández, Eudoxia María Rodríguez Ordóñez, Mónica	García Rey, Cristina Penas Corral, Xosé Luis	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE PLANS PROVINCIAIS E ASISTENCIA A MUNICIPIOS	Presidenta: Cristina García Rey Secretaria: Susana Rouco Penabad	Calvelo Martínez, José Carlos López Varela, José Manuel Martínez Carrillo, Carlos Pérez Fernández, Fernando Rey Martínez, Roberto	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Rioboo Castro, José Ramón	García Rey, Cristina Penas Corral, Xosé Luis	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE FACENDA, ESPECIAL DE CONTAS, RECURSOS HUMANOS E AVANCE DIXITAL	Presidente: José Ramón Rioboo Castro Secretaria: M ^a José Vázquez Sesmonde	Caamaño López, José Manuel García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel Méndez Vilela, María Del Mar Rodríguez Martínez, Roberto	Capelán Cancelo, Cristina García Vidal, María Del Mar Lage Tuñas, José Manuel Rioboo Castro, José Ramón	Penas Corral, Xosé Luis Veira González, Avia	Ángel García Seoane
COMISIÓN DE PROMOCIÓN TURÍSTICA, ARTESANÍA, COMERCIO E CADEA AGROALIMENTARIA	Presidente: Xosé Regueira Varela Secretario: Rafael Díaz-Aguado Jalón	Calvelo Martínez, José Carlos García Gorostizu, Izaskun Lorenzo Torres, Miguel Martínez Carrillo, Carlos Pérez Fernández, Fernando	García López, Rosa Ana Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María Rioboo Castro, José Ramón	Agra Tuñas, María Soledad Regueira Varela, Xosé	Ángel García Seoane



COMISIÓN	PRESIDENTE SECRETARIO'	PP	PSdeG-PSOE	BNG	ALTERNATIVA DOS VECIÑOS
COMISIÓN DE INDUSTRIA, EMPREGO, POLÍTICA DEMOGRÁFICA E MEDIO AMBIENTE	Presidenta: Rosa Ana García López Secretario: Manuel Vázquez Sesmonde	Amado De La Fuente, José Ramón García Gorostizu, Izaskun Novo Gómez, María Jesús Rey Martínez, Roberto Rodríguez Martínez, Roberto	García López, Rosa Ana Lage Tuñas, José Manuel Neira Fernández, Eudoxia María Rioboo Castro, José Ramón	Agra Tuñas, María Soledad Regueira Varela, Xosé	Ángel García Seoane

i RP 2023/33137 e 2023/33136 , nomeamento presidentes e secretarios Comissões Informativas.



5.- Proposición da Presidencia sobre a modificación do acordo sobre o nomeamento de representantes da Deputación Provincial da Coruña en organismos varios adoptado no Pleno de Organización celebrado o 27 de xullo de 2023.

Procédese á votación da inclusión do punto na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente, procédese á votación da proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Modificar o acordo sobre o nomeamento de representantes da Deputación provincial da Coruña en organismos varios adoptado no Pleno de Organización celebrado o 27 de xullo de 2023 como segue:

1. Dona Rosa Ana García López en lugar de Dona María del Mar García Vidal en calidade de representante da Corporación na Comisión Institucional no marco do protocolo de colaboración de desenvolvemento do pacto local para a xestión do ciclo urbano da auga entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Xunta de Galicia.

2. Dona María del Mar García Vidal en lugar de Dona Rosa Ana García López en calidade de representante da Corporación na Cruz Vermella Española.

3. Dona Rosa Ana García López en lugar de Dona María del Mar García Vidal en calidade de representante da Corporación no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

As deputadas nomeadas polo presente acordo informarán sobre o funcionamento dos organismos nos que participan en representación da Deputación, así como sobre a súa propia actividade no seo dos mesmos, sempre que sexan requiridas polo Pleno, polo Presidente ou pola Xunta de Goberno e periodicamente nos termos que estableza o regulamento orgánico."

6.- Proposición da Presidencia sobre a modificación do acordo sobre a creación, atribucións, composición e réxime de sesións das Comisións Informativas Permanentes adoptado no Pleno de Organización celebrado o 27 de xullo de 2023.



Procédese á votación da inclusión do punto na orde do día:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

Seguidamente, procédese á votación da proposición da Presidencia:

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Modificar a denominación da Comisión de Cultura, Lingua e Dereitos Civís que figura no acordo sobre a creación, composición e réxime de sesións das Comisións Informativas Permanentes adoptado no punto 8 da sesión plenaria de organización celebrada o 27 de xullo de 2023 para pasar a denominarse Comisión de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Civís."

7.- Ratificación da Resolución da Presidencia 29740 de 27 de xullo de 2023 pola que se aproba a nova composición da mesa de contratación permanente da Deputación provincial da Coruña

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Ratificar a Resolución da Presidencia 29740 de 27 de xullo de 2023 pola que se aproba a nova composición da mesa de contratación permanente da Deputación provincial da Coruña

“ RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A NOVA COMPOSICIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial de A Coruña,



ANTECEDENTES

1º.- A actual composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación da Coruña foi aprobada mediante Resolución da Presidencia número 6346 de 2 de febreiro de 2022, ratificada por sesión plenaria de data 25 de febreiro de 2022.

2º.- No entanto, o haberse constituido a nova corporación o 18 de xullo de 2023, é necesario adaptar a composición da mesa á nova corporación.

RESOLVO:

1º. Aprobar a nova composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña respecto dos seguintes procedementos de contratación a que se refire o artigo 326.1 da Lei 9/2017:

- Aberto ordinario
- Aberto simplificado
- Aberto simplificado abreviado do artigo 159.6
- Restrinxido
- Diálogo competitivo
- Licitación con negociación
- Asociación para a innovación
- Procedementos negociados fundamentados en imperiosa urxencia prevista na letra b.1 do artigo 168

De maneira que a composición da Mesa de Contratación Permanente da Deputación Provincial da Coruña queda integrada polas seguintes persoas:

	TITULARES	SUPLENTE	
PRESIDENTE	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) Don Xosé Lois Penas Corral	Deputado provincial (Grupo Bloque Nacionalista Galego, BNG) Dona Avia Veira González	
VOGAIS	Secretario xeral (con funcións de asesoramento xurídico) Dona Amparo Taboada Gil	PRIMER VOGAL SUPLENTE Oficial Maior Don Miguel Iglesias Martínez	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE Letrado asesor xurídico Don Andrés Fernández Maestre
	Interventor xeral Don José Manuel Pardellas Rivera	PRIMER VOGAL SUPLENTE Interventor adxunto Don Juan Bautista Suárez Ramos	SEGUNDO VOGAL SUPLENTE Viceinterventor Don José María Pérez Alvaríño
SECRETARIO CONVOZ E SEN VOTO	Xefe do Servizo de Patrimonio e Contratación Don Luis Jaime Rodríguez Fernández	PRIMER SECRETARIO SUPLENTE	SEGUNDO SECRETARIO SUPLENTE

ASISTENTES CONVOZ E SEN VOTO	Deputada provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) Dona Cristina Capelán Cancelo	Deputado provincial (Grupo Partido Socialista Obrero Español, PSOE) Don José Manuel Lage Tuñas
	Deputado provincial (Grupo Partido Popular, PP) Don José Manuel Caamaño López	Deputado provincial (Grupo Partido Popular, PP) Don José Ramón Amado de la Fuente
	Deputado provincial (Grupo Alternativa dos Veciños, AV) Don Ángel García Seoane	

2º. Dar conta ao Pleno da Corporación da presente resolución para a súa ratificación.

3º. Dispoñer a publicación do presente acordo no perfil de contratante integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, de conformidade co artigo 326.3 e



disposición adicional segunda, 7 da Lei 9/2017.

4º. *Publicar ademáis, para dar maior difusión á composición da Mesa de contratación, no Boletín Oficial de la Provinciae no Portal de Transparencia desta Deputación.*”

8.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CARNOTA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora da eficiencia enerxética do campo de fútbol de Lombáns

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación provincial da Coruña e o Concello de Carnota **polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de **Mellora da eficiencia enerxética do campo de fútbol de Lombáns** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa** para cofinanciar as obras de **Mellora da eficiencia enerxética do campo de fútbol de Lombáns** cunha achega provincial de **92.000,00 euros** con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/3420/75201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **79,99999 %** respecto dun orzamento de **115.000,01 euros**.

4º.- Condicionar o convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, no próximo exercicio orzamentario, de acordo coa normativa vixente no momento

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO CAMPO DE FÚTBOL DE LOMBÁNS



Na Coruña, a __ de _____ de 2023

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excelentísima. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Carnota**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Carnota** considera de primeira necesidade as obras de **Mellora da eficiencia enerxética do campo de fútbol de Lombás**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...non só redunda no aforro enerxético e económico, senón que as instalacións sobre as que se actuará quedarán en situación de seguridade eléctrica e darase cumprimento, en canto á calidade da iluminación, niveis máximos e mínimos, eficiencia enerxética e contaminación lumínica ao que sinala o Real Decreto 1890/2008. Así mesmo , o mantemento é un factor moi relevante, pois as luces LED poden diminuír a carga de mantemento das instalacións. As súas lámpadas son moito máis duradeiras, polo que esta prolongada vida útil convirte á iluminación LED a opción máis vantaxosa para o campo de fútbol. Ademais os novos focos permitirán incrementar a iluminación media de todo o campo conseguindo así un mellor reparto da luz. Concluindo, esta iniciativa nos leva a ofrecer aos veciños e veciñas de Carnota unhas instalacións deportivas de calidade que, ademais, son o mais respectuosas posibles co medio ambiente. ”



Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Carnota** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Carnota con CIF P1502000A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Mellora da eficiencia enerxética do campo de fútbol de Lombáns”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro técnico Industrial, Martín Lema Pose, Coleg.2343 COETICOR :

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL	79.866,66
13% Gastos Generales.	10.382,67
6% Beneficio Industria	4.792,00
21% IVA.	19.958,68
PRESUPUESTO + IVA	115.000,01 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **92.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **79.99999** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula



segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **79.99999** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/3420/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificando.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificando, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.



V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2023, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a



entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.

- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial



determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iníciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.



XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

- 1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2024**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.
2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2024**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa súa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2025**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirirá a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención



concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

9.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de CORCUBIÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de Rehabilitación de edificios e instalacións municipais en Corcubión

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de Corcubión polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciamento das obras de Rehabilitación de edificios e instalacións municipais , ata o 31 de outubro de 2024 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria. "

10.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de PONTEDEUME para o cofinanciamento das obras de Mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña

VOTACIÓN



Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do convenio suscrito co concello de PONTEDEUME para cofinanciamento das obras de Mellora de pavimentos e servizos no Camiño Estreito e na marxe dereita da Avenida da Coruña, ata o 31 de outubro de 2024 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria. "

11.- Aprobación da prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de PADRÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de PADRÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do Proxecto de reurbanización exterior da parcela da antiga Casa da Azucarera, ata o 31 de outubro de 2024 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

12.- Aprobación dunha prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de MUXÍA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de Mellora do viario entre o núcleo de Leis e o límite municipal de Muxía

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar a prórroga do prazo de vixencia do Convenio suscrito co concello de MUXÍA



polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de Mellora do viario entre o núcleo de Leis e o límite municipal de Muxía, ata o 31 de outubro de 2024 condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria."

13.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforzo de firmes e mellora da estrutura viaria nas parroquias de Loureda, Morás, Oseiro e Arteixo (Zona Este)", do Concello de Arteixo, incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0306.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Arteixo do proxecto modificado do investimento denominado "Reforzo de firmes e mellora da estrutura viaria nas parroquias de Loureda, Morás, Oseiro e Arteixo (Zona Este)", incluído na 1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022 co código 2022.2102.0306.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 23 de xuño do 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia da Deputación número 2022/33529, do 27 de xullo do 2022 e o acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 29 de xullo do 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario

Logo de ver que mediante Resolución da Presidencia número 40603/2022 do 29/09/2022, considerouse aprobada a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2022 por maior achega provincial no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles previstos no Plan Complementario ao POS+ 2022 Base, entre eles o investimento do concello de Arteixo conforme se indica na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Arteixo	2022.2102.0306.0	Reforzo de firmes e mellora da estrutura viaria nas parroquias de Loureda, Morás, Oseiro e Arteixo (Zona Este)	385.047,15	0,00	385.047,15

Logo de presentar o Concello de Arteixo un proxecto modificado deste investimento, que



xa está adxudicado, asinado dixitalmente o día 25 de maio de 2023, cun orzamento de contrata de 382.182,90 €, o que supón unha minoración do seu orzamento de contrata respecto ao do proxecto inicial incluído no Plan por importe de 2.918,25 €, coa finalidade de adecualo á realidade existente e visto o informe de supervisión favorable emitido o 21 e agosto de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, así como que conta cos informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do contratista adxudicatario da obra.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan, aprobadas mediante acordo plenario provincial adoptado na sesión realizada o 26 de novembro do 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228, do 30 de novembro do 2021 e modificadas mediante acordo plenario provincial do 27 de maio do 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022 (BOP número 102 do 31 de maio do 2022).

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reforzo de firmes e mellora da estrutura viaria nas parroquias de Loureda, Morás, Oseiro e Arteixo (Zona Este)”, do Concello de Arteixo, incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2022, co código 2022.2102.0306.0. Este proxecto modificado ten un orzamento de contrata inferior ao do proxecto inicial, segundo se reflicte na seguinte táboa, foi aprobado para adecualo á realidade existente na zona de obra, conta coa aprobación do órgano competente do concello e máis cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, así como coa conformidade do contratista adxudicatario da obra e co informe de supervisión favorable emitido o 21 de agosto de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e se financia tal e como se indica a continuación:

Proxecto modificado Concello de Arteixo “Reforzo de firmes e mellora da estrutura viaria nas parroquias de Loureda, Morás, Oseiro e Arteixo (Zona Este)” Código 2022.2102.0306.0	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO		DIFERENZA	
	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación	Contrata	Adxudicación
Deputación	385.047,15	362.328,99	382.128,90	359.582,92	-2.918,25	-2.746,07
Concello	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Total	385.047,15	362.328,99	382.128,90	359.582,92	-2.918,25	-2.746,07

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Arteixo para os efectos oportunos”.

14.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora dos accesos e servizos á praia de Mañóns" do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0122.0, levantamento da



condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora dos accesos e servizos á praia de Mañóns”, do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2021, co código 2021.2000.0122.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo plenario desta deputación adoptado na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021 polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe este investimento do Concello de Boiro.

Logo de aprobar o concello un proxecto técnico modificado deste investimento que aínda non está adxudicado, cun orzamento de contrata de 42.514,26 €, idéntico ao do proxecto técnico inicial, asinado dixitalmente o 24 de xaneiro de 2023 polo arquitecto municipal, J. Emilio Piña Ordiz. Este proxecto tivo que ser modificado posto que unha das súas actuacións non foi autorizada pola Demarcación de Costas do Estado en Galicia, que non permite o pavimentado no lugar indicado no proxecto inicial xa que afecta ao dominio público marítimo terrestre, tendo que ser trasladado ao norte da mesma vía, onde o organismo competente na materia é a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, que autoriza as obras.

Habida conta do informe de supervisión favorable emitido o 24 de xaneiro de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación en relación a esta modificación do proxecto, así como á vista dos correspondentes informes técnicos favorables, entre os que se inclúe o relativo á dispoñibilidade, por parte do concello, dos terreos necesarios para a realización das obras, así como á vista da autorización concedida pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia o 8 de agosto de 2023.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario provincial do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP nº 225 do 31 de decembro de 2020.



De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA**:

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do accesos e servizos á praia de Mañóns", do Concello de Boiro, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0122.0, asinado dixitalmente o 24 de xaneiro de 2023, que foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos favorables, co mesmo orzamento de contrata que o proxecto técnico inicial por importe de 42.514,26 €. Este proxecto tivo que ser modificado posto que unha das súas actuacións non foi autorizada pola Demarcación de Costas do Estado en Galicia, que non permite o pavimentado asfáltico no lugar indicado no proxecto inicial xa que afecta ao dominio público marítimo terrestre, tendo que ser trasladado ao norte da mesma vía, onde o organismo competente é a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, que autoriza as obras.

2.- Considerar cumprida a condición á que foi sometido este investimento no acordo plenario de 30 de xuño de 2021, pola que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, e en consecuencia, aprobar definitivamente este investimento dentro do Plan.

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL	CONDICIÓN CUMPRIDA
Boiro	2021.2000.0122.0	Mellora dos accesos e servizos á praia de Mañóns	42.514,26	0,00	42.514,26	Autorización Demarcación Costas do Estado en Galicia

3.- A achega provincial a esta obra financiarase con cargo á partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Boiro para os efectos oportunos"

15.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do saneamento en Caldebarcos", do Concello de Carnota, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0142.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Carnota do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora do saneamento en Caldebarcos", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 co código 2021.2000.0142.0, no que se acreditan



os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación na sesión ordinaria do 30 de xuño de 2021, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario, no que se inclúe este investimento cos seguintes datos:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Carnota	2021.2000.0142.0	Mellora do saneamento en Caldebarcos	82.742,26	257,88	83.000,14

Logo de aprobar o Concello de Carnota, previos os informes técnicos e xurídicos favorables, un proxecto modificado deste investimento redactado en marzo de 2023 polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, co mesmo orzamento de contrata que o do proxecto incluído no Plan, e que ten como único obxecto suprimir algunhas das actuacións previstas no proxecto inicial, como é a eliminación de dous ramais secundarios da canalización de saneamento, reducindo ao mesmo tempo os bombeos precisos para a execución desta rede, dándolle máis prioridade á mellora do pavimento dos viais, incrementando a superficie da actuación

Logo de ver o informe técnico asinado dixitalmente o 20 de abril do 2023 polo redactor do proxecto modificado, no que indica que as actuacións proxectadas neste proxecto modificado, ao igual que o proxecto primitivo precisan da declaración responsable de Augas de Galicia, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, do Servizo de Urbanismo- Costas- Xunta de Galicia e da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), e que xa constan no expediente para o proxecto inicial, sendo precisa a renovación da autorización da AXI ao ser concedida o 12 de abril de 2021 cun prazo para o remate das obras de 18 meses, autorización de AXI que foi novamente concedida o 9 de agosto de 2023, e que queda acreditado que o novo proxecto modificado pode dar cumprimento aos condicionantes tanto xerais coma particulares formulados nas respectivas autorizacións

Logo de ver os informes técnicos e xurídicos favorables e a certificación da aprobación polo concello do proxecto modificado

Tendo en conta que este investimento aínda non está adxudicado xa que quedou deserta a licitación e que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 29 de marzo de 2023 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2021 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020.



De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora do saneamento en Caldebarcos”, do Concello de Carnota, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021, co código 2021.2000.0142.0, que aínda non está adxudicado, dado que a licitación do proxecto inicial quedou deserta, toda vez que o Concello de Carnota aprobou un proxecto modificado sen variación do seu orzamento, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, para suprimir algunhas das actuacións previstas no proxecto inicial, como é a eliminación de dous ramais secundarios da canalización de saneamento, reducindo ao mesmo tempo os bombeos precisos para a execución desta rede, dándolle máis prioridade á mellora do pavimento dos viais incrementando a superficie de actuación e co mesmo orzamento de contrata que o proxecto inicial, sendo os seus datos os seguintes:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Carnota	2021.2000.0142.0	Mellora do saneamento en Caldebarcos	82.742,26	257,88	83.000,14

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Carnota para os efectos oportunos”

16.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodaxe en Carballo de Abaixo", do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0127.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Cabanas do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da capa de rodaxe en Carballo de Abaixo”, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2022, co código 2022.2000.0127.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022 que, en relación coa Resolución da Presidencia número



2022/33529, do 27 de xullo de 2022 e o acordo plenario adoptado na sesión realizada o 29 de xullo de 2022, aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022 e o seu Plan Complementario, no que se inclúe, entre outros, este investimento cos seguintes datos:

Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
2022.2000.0127.0	Cabanas	Mellora da capa de rodaxe en Carballo de Abaixo	34.780,11	0,00	34.780,11

Logo de ver que o Concello de Cabanas, mediante Resolución da Alcaldía 1337/2022, de data 16 de setembro de 2022, adxudicoulle este investimento á empresa SYR-AMG, S.L.U., co NIF B15938780, no prezo de 33.907,03 € e que no día de hoxe está na súa totalidade pendente de certificar.

Logo de presentar o Concello de Cabanas un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 31 de marzo de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Pablo Blanco Ferreiro, que xa redactara o proxecto inicial, sen variación de orzamento respecto do proxecto incluído no Plan, que foi aprobado por Decreto de Alcaldía de data 23 de xullo de 2023, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar, coa finalidade de modificar o sistema de pavimentación e incorporar pozos de rexistro en calzada na rede de pluviais para reducir a velocidade da auga, unha vez comprobado o empeoramento sufrido polo firme existente do camiño no prazo transcorrido entre a redacción do proxecto e a adxudicación das obras así como a gran cantidade de auga de escorrenta que baixa por él nos períodos de choivas, ao estimar que a nova solución reducirá os traballos de mantemento e dotará ao investimento de maior vida útil.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2022, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 26 de novembro de 2021 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 228 do 30 de novembro de 2021, que foron posteriormente modificadas mediante acordo plenario do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102 do 31 de maio de 2022) para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 e que, tras ser sometidas a información e exposición pública, foron aprobadas definitivamente mediante novo acordo plenario adoptado na sesión ordinaria realizada o 23 de xuño de 2022

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado " Mellora da capa de rodaxe en Carballo de Abaixo", do Concello de Cabanas, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, co código 2022.2000.0127.0, asinado dixitalmente o 31 de marzo de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos Pablo Blanco Ferreiro, que está adxudicado e totalmente pendente de certificar e que foi aprobado polo concello, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do contratista, sen variación do seu orzamento respecto do proxecto inicial, coa finalidade de modificar o sistema de pavimentación e incorporar pozos de rexistro en calzada na



rede de pluviais para reducir a velocidade da auga, sendo os seus datos os que se indican na seguinte táboa:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
Concello de Cabanas Código 2022.2000.0127.0 "Mellora da capa de rodaxe en Carballo de Abaixo"	Achega deputación	34.780,11	33.907,03	873,08	0,00	33.907,03
	Achega concello	00,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Total	34.780,11	33.907,03	873,08	0,00	33.907,03

2.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo á partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cabanas para os efectos de que poida continuar coa execución deste investimento."

17.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reurbanización da rúa Antonia Montero", do Concello de Fene, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0460.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado denominado "Reurbanización da rúa Antonia Montero", do Concello de Fene incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0460.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o 30 de xuño de 2021, polo que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 e o seu Plan complementario

Logo de ver a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2021/30870 do 23/07/2021 pola que se aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos)



POS+ Adicional 2/2021 por maior achega provincial, no que se inclúe este investimento do Concello de Fene.

Logo de presentar o Concello de Fene un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 22 de xuño de 2023 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos, Antonio J. Durán Maciñeira, cun incremento do seu orzamento de contrata de 43.777,86 € que é asumido integramente polo concello e que ten como único obxecto realizar un axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, mantendo inalterable o resto do proxecto polo que, segundo se recolle na certificación da secretaria do concello asinada o 23 de agosto de 2023, o modificado non altera os fundamentos xurídicos dos informes xurídicos emitidos no seo do procedemento, que se manteñen nos seus termos, non considerándose polo tanto unha modificación substancial.

Logo de ver que na certificación da secretaria do concello, Estefanía Manteiga Lamas, acreditativa da aprobación do proxecto modificado mediante Resolución da Alcaldía número 865/2023 do 21 de agosto de 2023, certifícase que consta a existencia de crédito na intervención municipal para facer fronte ao sobrecusto que comporta o dito proxecto modificado.

Tendo en conta que este proxecto, que aínda non está adxudicado, foi aprobado polo Concello de Fene coa única finalidade de actualizar os seus prezos para axustalos á situación actual do mercado despois de que quedase deserta a licitación do investimento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2021 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 27 de novembro de 2020 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 205 do 1 de decembro de 2020, cuxas Bases 7 e 9 foron modificadas por acordo plenario do 30 de decembro de 2020 e publicadas no BOP número 225 do 31 de decembro de 2020 e que lle son aplicables aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Reurbanización da rúa Antonia Montero”, do Concello de Fene incluído na 1ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 2/2021 co código 2021.2102.0460.0, que aínda non está adxudicado e que foi aprobado polo concello coa única finalidade de realizar unha revisión de prezos mediante o axuste dos prezos contidos no proxecto inicial para que se adecúen á situación actual de mercado, manténdose inalterable o resto do proxecto, cun incremento do seu orzamento total de contrata respecto do proxecto inicial de 43.777,86 €, que é asumido integramente polo Concello de Fene, quedando o seu financiamento tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado con incremento Concello de Fene “Reurbanización da rúa Antonia Montero” Código 2021.2102.0460.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA (INCREMENTO)
Deputación	103.234,30	103.234,30	0,00



Concello	68.931,01	112.708,87	43.777,86
Total	172.165,31	215.943,17	43.777,86

2- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430 /4592 /76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Fene para os efectos oportunos."

18.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a xuño de 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de xuño de 2023.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de xuño de 2023.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

19.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (na súa fase de disolución e liquidación), correspondente a xullo de 2023.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"PRIMEIRO: Dar conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña -na súa fase de disolución e liquidación-) do mes de xullo de 2023.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña -na súa fase de disolución e liquidación-, no mes de xullo de 2023.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

20.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xuño de 2023 e proxección a 31/12/2023.

PRIMEIRO. - Dar conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria a 30 de xuño de 2023, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2023, xa que as previsións actuais permiten estimar o cumprimento das normas de aplicación, salvo circunstancias sobrevindas e imprevisibles que excedesen do Fondo de Continxencia dotado para o exercicio.

O Consello de Ministros o 26 de xullo de 2022 e o Congreso dos Deputados en sesión do 29 de setembro de 2022 acordaron suspender as regras fiscais.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre o estado de execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

21.- Dación de conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus entes dependentes correspondente ao segundo trimestre de 2023.

Dar conta da remisión, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, da información da execución orzamentaria da Deputación Provincial e dos seus Entes



dependentes (Consortio provincial contra incendios e salvamento da Coruña e Fundación axencia enerxética da provincia da Coruña), correspondente ao segundo trimestre de 2023, en cumprimento do disposto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración da información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

22.- Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2022.

INTERVENCIONS

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente. Buenos días a todos, compañeras y compañeros de Corporación.

Permítanme una breve reflexión sobre la situación económico-financiera de esta Diputación, incorporando también alguna consideración sobre el punto vigésimo que acabamos de abordar, relativo a la ejecución presupuestaria de este año, a 30 de junio, y con proyección a 31 de diciembre.

Hoy se aprobará, con nuestro voto favorable, definitivamente la Conta Xeral del 2022, lo que ya le digo que no suscribimos es la memoria supuestamente demostrativa del grado de que se cumplieron los objetivos programados, memoria firmada por usted, señor presidente. Ya saben que el papel lo resiste todo, nosotros no.

Hace muchos años desde mi partido se advirtió que el Estado de bienestar se podía acabar convirtiendo en el bienestar del Estado, y aquí sucede algo parecido. La verdad es que entre la suspensión de las reglas fiscales y la Tesorería millonaria, la Diputación de A Coruña parece gozar de una buena salud, Ahora bien, las infraestructuras y los servicios mínimos y básicos de los ayuntamientos de la provincia no gozan de la misma buena salud.

Deberían tener claro que la Diputación no es un fin en sí mismo, sino que es un instrumento institucional al apoyo de los ayuntamientos y los vecinos de nuestra provincia. Una clásica definición del dinero dice que el dinero es lo que el dinero hace. Pues bien, ustedes son unos grandes devaluadores del dinero público, lo veíamos en el punto anterior, relativo a la ejecución presupuestaria, obtienen un cien en ingresos y simplemente obtienen un 42 en los gastos, reducen el valor de las posibilidades del dinero.

Su memoria, supuestamente demostrativa del grado en que se cumplieron los objetivos programados en el año 2022, es complaciente. Por cierto, respecto al primero de los objetivos, y permítame un pequeño chascarrillo, con 286 millones en el banco a 30 de junio, es normal que no hayan ustedes suscrito ninguna operación de crédito, lo contrario sería un despropósito. Y digo que es complaciente su memoria de objetivos porque la práctica de la Diputación no resulta asumible desde el punto de vista de principios como el de equidad o de la eficacia con tanto dinero acumulado y tantas obras y servicios pendientes de materializar.

En 2023 prevén superar las previsiones de ingresos, nacidas del esfuerzo fiscal de los contribuyentes, con una realización que esperan que alcance el 101% en el capítulo de ingresos, pero tan solo van a concretar la materialización en un grado máximo de un 42 % a 31 de diciembre.

En fin, señor presidente, ojalá este sea un mandato en el que se pueda reducir esa asimetría entre lo que la Diputación recibe y lo que la Diputación les da a los vecinos de esta provincia.



En todo caso, nosotros, ya digo, vamos a apoyar la Cuenta general y desde nuestro grupo lo que vamos a hacer con absoluta lealtad es intentar hacer propuestas para que esta asimetría entre los ingresos y los gastos se pueda reducir a lo largo de este mandato, pues lo que se podría, digamos, denominar como un problema coyuntural de un año o dos, en su mandato, en estos ocho años, es un problema estructural, nunca ha superado un 42% de ejecución el capítulo de gastos y ha superado ampliamente la recaudación en el capítulo de ingresos.

Nosotros le conminamos a que esto cambie y que los vecinos de la provincia de A Coruña puedan recibir los servicios básicos que tanto demandan y necesitan, pues los recursos en esta institución, gracias a Dios y gracias a la gestión de los recaudadores, así se lo pueden permitir.

Gracias.

Sr. Presidente

Grazas, Evaristo.

Simplemente, dicirche que esa combinación que me fas a igualar ou aumentar o capítulo de gastos respecto aos ingresos supoño que o dirás ti a título individual, porque imaxino que, se fago unha enquisa entre os alcaldes e as alcaldesas da provincia, ningún o subscribirá, porque precisamente o capítulo de ingresos dos concellos aumenta considerablemente e o de gastos depende deles. O de gastos da Deputación depende deles, o nivel de execución depende do nivel de execución dos concellos. Claro, se antes percibían 24 millóns e medio de euros e tiñan un nivel de execución máis alto, agora o nivel de execución é bastante máis baixo porque perciben preto de 100 millóns de euros para que fagan os seus plans investidores.

Eu xa renuncio a facer pedagogía nesta Cámara porque, evidentemente, o receptor da mensaxe non está polo labor de recibila. Pero, en calquera caso, como se poden coñecer por *streaming* as reflexións de cada un dos que estamos aquí e de cada unha, dicir que 287 millóns de euros que ten a Deputación nas contas son indisponibles para a Deputación; hai preto de 200 millóns de euros que son créditos afectados de cartos que transferimos aos concellos, que non están aínda en disposición ou están nunha fase de xustificación tal que poidamos transferir eses cartos. Son créditos afectados, é dicir, que cando nós dispoñemos dun céntimo gastámolo, cando nós pechamos o exercicio en marzo ata o último céntimo investímolo, ata o último céntimo transferímolo, non só aos concellos, senón a entidades sociais, culturais e deportivas desta provincia que aprobamos aquí o 99% das ocasións por unanimidade, de forma exemplar. E os 54 millóns de euros que tivemos de remanentes xerais de Tesourería de libre disposición, que o apelido o di todo, libre disposición, que é libre para que o Goberno e a Corporación, neste caso, poida destinar a investimentos ou a gasto, así o facemos, o 100%. E xa lle anuncio que este mes de outubro viremos a Pleno cunha proposta onde investiremos ata o último céntimo que temos dispoñible de libre disposición, que será arredor duns vinte e tantos millóns de euros. É dicir, ata o último céntimo que temos a capacidade de xestionar en beneficio da cidadanía e da veciñanza da provincia da Coruña faise.

Por tanto, tampouco aspiro a que me dea a razón, tampouco aspiro a que a mensaxe cale no Partido Popular pero, en calquera caso, o certo é certo e, en calquera caso, insisto, podemos tomar medidas no senso de transferir menos cartos aos concellos e entón o nivel de execución que teña a Deputación si que será neto e si que será obxectivamente reprobable ou aplaudible en función de como actúe a Deputación.

Tamén podemos facer como fai a Xunta de Galicia, onde o que che transfere aos concellos é soamente executable nese exercicio, sen posibilidade de prórroga



practicamente en ningún caso, excepcionalmente algunha prórroga, cuestión que na Deputación se vai a moitos anos atrás. Tivemos que poñer un límite de tres anos atrás porque tiñamos concellos con proxectos sen executar do ano 2008, 2008... E, polo tanto, creo que o camiño é ese. Hoxe falabámolo na reunión do grupo de Goberno, de incluso acoutar máis e actuar como actúa a Xunta de Galicia, copiar e replicar o modelo da Xunta de Galicia, que lle permite máis eficiencia. Creo que é máis inxusto porque, en calquera caso, cada un dos concellos que non executa os seus proxectos é porque probablemente ten un permiso de Augas de Galicia pendente para meter un saneamento, ou ten un permiso de Patrimonio para rehabilitar unha rúa no casco histórico de calquera vila que teña casco histórico.

Polo tanto, eu creo que o xusto é buscar un equilibrio, que seguramente sexa menos de tres anos, irémonos a dous anos non a un, como a Xunta de Galicia, pero en calquera caso seguramente veremos como baixa moitísimo ese desfase entre o nivel de execución presupostaria de ingresos e de gastos desta institución.

Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Bueno lo primero que cabe recordar es que la Xunta de Galicia tiene una ejecución presupuestaria de presupuesto de gastos del 97 %, con lo cual nosotros le invitamos a que puedan llegar ese 100%, que sería lo óptimo; en todo caso es un 9,7 sobre 10, usted tiene un 4,2 sobre 10, y algunos dirían que es un insuficiente. Pero es verdad que tienen ustedes el mantra de que la culpa de la inejecución presupuestaria es de los ayuntamientos de la provincia de A Coruña. Nosotros no coincidimos con eso, porque es un dinero destinado a los ayuntamientos, no cabe duda de que sí, pero nosotros conociendo la problemática y la casuística de estos 8 años de su gobierno, que el problema no es que el dinero llegue a los ayuntamientos, el problema real es que el dinero no llega a los vecinos que son los que demandan los servicios. Nosotros éramos conocedores de este problema y nosotros teníamos evidentemente, hay mecanismos que permite la ley para que esto se pueda solucionar sin retirarles a los ayuntamientos un dinero que en su momento fue establecido para aportar a los mismos.

Lo hay, señor presidente, si usted no tiene la audacia, la capacidad o la inteligencia —no digo que la tenga yo, pero sí mi partido y mi grupo— para hacerlo, nosotros le conminamos a que deje paso y que otros intentemos que 286 millones de euros que a día de hoy están en los bancos realmente estén donde tienen que estar, que es cubriendo las demandas de servicios y obras de los vecinos de la provincia de A Coruña. Pero bueno, ¿la culpa de quién es?, de los ayuntamientos; cuando algo sale bien, ¿de quién es el mérito?, suyo. Usted siga así y todos contentos. Nosotros, desde luego no lo estamos, es una desfachatez que haya en los bancos a día de hoy 286 millones de euros cuando hay una inmensidad de núcleos de población de esta provincia, ya no digo de ayuntamientos, núcleos de población de esta provincia que carecen de servicios básicos, de servicios básicos, como agua, abastecimiento de aguas, saneamiento, etc., etc. Nosotros estamos por que los ayuntamientos pequeños sin recursos puedan converger con aquellos ayuntamientos que más recursos tienen.

Espero que usted, que se tilda de progresista, se pueda sumar a esta propuesta y a esta idea que tenemos nosotros de la política.

Gracias.

Sr. Presidente

Mira, si que vou facer un exceso no meu labor docente.



Se volves á orde do día do Pleno de hoxe, ao punto 9, 10, 11, 12, 13 e 14, verás que o que acabamos de facer, segundo a túa teoría non viría a Pleno, acabas de votar a favor, acabas de votar a favor. Significa que aprobamos a prórroga dun convenio que tiña que rematar en outubro de 2023 e lle damos un ano máis; iso significa, para calquera que non poida entender, déixame mirar ás cámaras, non sei onde están, significa que eses 200.000 euros que lle damos a ese Concello neste caso de Corcubión, que tiña que executar en 2004 e, polo tanto, se fixese o que ten que facer, que é executalo neste ano, constaría como executado, aumentaría o nivel de execución da Deputación no exercicio 2023. Pero, como non puido executalo, por motivos xustificadas desde o noso punto de vista, dámoslle un ano máis. Polo tanto, eses cartos que están reservados para o proxecto de Corcubión quedan no orzamento da Deputación como non executados, pero están afectados a ese convenio, salvo que non queiramos prorrogar ese convenio, pero polo que vexo acabas de votar a favor, Evaristo.

Polo tanto, a túa parte de culpa nese nivel de execución, a vosa parte de culpa nese baixo nivel de execución da Deputación, tédela e creo que ademais moi acertadamente, porque entendedes que os veciños de Corcubión entenderán que o seu Concello non sexa capaz de facelo nun ano. Pero, non sei, podemos ver o mesmo con Padrón, o mesmo con Muxía, o mesmo con Arteixo, o mesmo con Boiro, o mesmo con Carnota, o mesmo con Cabanas, o mesmo con Fene, aprobamos modificados e aprobamos prórrogas de convenio. En calquera caso, a ver, creo que ese discurso, podemos perder o tempo con iso, pero creo que está suficientemente explicado e que cada veciño e veciña da provincia ten a capacidade para entendelo e para decidir quen ten razón.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2022.

2.- Remitila ao Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional."

23.- Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2022.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2022 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

24.- Dación de conta da tramitación pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) das contas anuais do exercicio 2022.



Dáse conta da tramitación das Contas Anuais do exercicio 2022 da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

25.- Aprobación dos estados demostrativos da xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios do exercicio 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Aprobar os estados demostrativos relativos á xestión recadatoria dos recursos doutros entes públicos e dos recursos propios correspondentes o exercicio 2022."

26.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Paderne respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Paderne, adoptado na sesión plenaria do 11 de outubro de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

27.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Cerceda respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).



VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Cerceda, adoptado na sesión plenaria do 30 de marzo de 2023, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

28.- Aprobación da aceptación da delegación de competencias do Concello de Ponteceso respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña (PLAN PREMADECOR).

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Aceptar o acordo da delegación de competencias do Concello de Ponteceso, adoptado na sesión plenaria do 10 de agosto de 2023, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás funcións e competencias referidas a análise de riscos, uso da canle de bo goberno e denuncias, instrucións e resolución dos procedementos administrativos de competencia da administración local.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da delegación para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.



A delegación entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial."

29.- Dación de conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2024.

Dáse conta das liñas fundamentais dos orzamentos do exercicio 2024, de aprobación pola Presidencia.

30.- Dación de conta da resolución de presidencia número 24090/2023, relativa a persoal eventual.

Dáse conta da resolución de presidencia número 24090/2023 pola que se dispón o cesamento de persoal eventual da Deputación Provincial da Coruña.

31.- Dación de conta das resolucións de presidencia números 29895/2023, 29898/2023, modificada pola número 30539/2023, 30144/2023, 30145/2023, 30156/2023 e 30959/2023 relativas a persoal eventual.

Dase conta das resolucións de presidencia números 29895/2023, 29898/2023, modificada pola número 30539/2023, 30144/2023, 30145/2023, 30156/2023 e 30959/2023 polas que se nomea persoal eventual para realizar funcións sinaladas legalmente como de confianza e asesoramento.

32.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carnota polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do proxecto "Galicia remota - Carnota"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

O proxecto Galicia Remota - Carnota, pretende ser un novo modelo de turismo, innovación e sostenibilidade que busca facer do noso rural un polo de atracción de



traballadores remotos que pretendan vivir experiencias únicas de crecemento persoal e profesional á vez que desenrolan o seu traballo de maneira remota.

Galicia Remota busca converter o rural galego, e concretamente Carnota, nun polo de atracción de traballadores remotos por medio dun programa que consista na invitación de 12 nómades dixitais internacionais para vivir unha experiencia deste tipo e que axude a motivar o desenvolvemento deste tipo de turismo.

Os destinos escollidos polos turistas nómades dixitais deixan pegada naqueles que os escollen xa que lles axudan a desenvolver a súa creatividade, incrementar a súa produtividade e facer novos contactos. Do mesmo xeito estes turistas que traballan en remoto deixarán pegada na localidade máis alá do beneficio económico directo, xa que a súa relación directa cos locais e a súa capacidade para influír nas novas xeracións serve para axudar a frear o despoboamento do rural ao mesmo tempo que propicia o espírito emprendedor e a creación de novas empresas ou start-ups na localidade debido á demanda de novos servizos e produtos específicos para este segmento, feito que será beneficioso ao mesmo tempo para a comunidade local.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE CARNOTA con CIF P1502000A , para financiar o “GALICIA REMOTA - CARNOTA” cun orzamento total de 30.000,00 €

4º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falla de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.

- Falla de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 24.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA E O CONCELLO DE CARNOTA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “GALICIA REMOTA - CARNOTA”.

En A Coruña, a



REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE CARNOTA

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

EXPOÑEN

- 1 Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CARNOTA consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "GALICIA REMOTA - CARNOTA ", coa finalidade de crear un novo modelo de turismo, innovación e sostenibilidade que busca facer do noso rural un polo de atracción de traballadores remotos que pretendan vivir experiencias únicas de crecemento persoal e profesional á vez que desenrolan o seu traballo de maneira remota.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CARNOTA, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE CARNOTA, con CIF P1502000A, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "GALICIA REMOTA - CARNOTA ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

CONCEPTO	IMPORTE
1.1-Desprazamentos: Gastos de manutención/avituallamento, viaxes e aloxamento Aluguer de aloxamento e coworking 22 días 14 persoas	4.000,00 €
1.2-Transportes: Contratación do transporte de persoas ou materiais necesario para a realización da actividade. Loxística e transporte	3.000,00 €



1.3- Contratacións externas: 3 obradoiros con artesáns e emprendedores - Contratación de monitores de emprendemento - Contratación de roteiros e actividades deportivas - Evento cultural - Contratación empresa evento gastronómico - Contratación empresa de actividades deportivas	13.500,00 €
1.4-Comunicacións: Correos, teléfono, internet, aloxamento web Servizos de marketing e Comunicación RRSS	3.100,00 €
1.5- Publicidade e propaganda: Material e servizos de difusión Servizo de Vídeo e Fotografía + vídeo resumo:	3.500,00 €
1.6-Arrendamentos: Aluger de espazo para eventos: (2 días)	1.500,00 €
1.7-Transportes: Contratación do transporte de persoas Xornada no camiño (transporte de participantes a punto de partida, e recollida en destino	1.400,00 €
TOTAL	30.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 24.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CARNOTA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.



IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE CARNOTA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE CARNOTA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE CARNOTA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE CARNOTA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CARNOTA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE CARNOTA, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CARNOTA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CARNOTA deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.



VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA abrangerán as datas sinaladas na cláusula XIII..
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CARNOTA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CARNOTA da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CARNOTA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE CARNOTA terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se debeñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O CONCELLO DE CARNOTA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CARNOTA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte



posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CARNOTA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE CARNOTA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE CARNOTA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuiciamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e



demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CARNOTA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE CARNOTA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de agosto de 2023 ata o 31 de decembro do 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do 2024.

2. O CONCELLO DE CARNOTA deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de xaneiro de 2024.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CARNOTA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia



do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ____ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE CARNOTA,

A Secretaria Provincial"

33.- Aprobación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Moeche polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do proxecto "Dinamización e potenciación turística do recinto feiral de Moeche e as súas feiras monográficas 2023"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa:

O proxecto DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN TURÍSTICA DO RECINTO FEIRAL DE MOECHE E AS SÚAS FEIRAS MONOGRÁFICAS 2023, consiste en apoiar a celebración de feiras no recinto municipal e consolidar o mesmo como reclamo de interese turístico para o concello.

As feiras monográficas representan unha oportunidade única para potenciar o turismo nos concellos da provincia. A súa capacidade para promover os produtos e servizos locais, atraer visitantes e xerar un impacto económico positivo convérteas en eventos de gran importancia para a rexión. Estas feiras non só impulsan o crecemento dos negocios locais, senón que tamén contribúen á preservación da identidade cultural e promoven a diversidade temática e a interacción entre sectores.



O concello de Moeche goza dun excepcional recinto feiral para a realización de feiras e mercados mensuais, así como feiras monográficas. A potenciación e dinamización destes eventos non só impulsa o crecemento dos negocios locais, senón que tamén contribúe á preservación das tradicións e a identidade cultural da rexión. Así, o Concello de Moeche convértese nunha figura óptima para acoller e apostar por este tipo de encontros.

3º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE MOECHE con CIF P1505000H , para financiar o proxecto “DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN TURÍSTICA DO RECINTO FEIRAL DE MOECHE E AS SÚAS FEIRAS MONOGRÁFICAS 2023” cun orzamento total de 48.630,00 €

4º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo, sendo os reparos os seguintes:

- Falla de motivación da singularidade da entidade e da xustificación da excepcionalidade da actividade realizada, de xeito que xustifiquen a imposibilidade ou non conveniencia da convocatoria pública en concorrencia competitiva da subvención proposta. O que supón a omisión dun requisito ou trámite esencial de acordo co disposto no artigo 216.2.c do TRLRFL así como un incumprimento das condicións establecidas no artigo 22.2 da LXS para xustificar o carácter nominativo da subvención proposta.

- Falla de acreditación dos criterios tomados en consideración para determinar o importe da subvención provincial que se ha conceder e do coeficiente de financiamento.

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 38.904,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE MOECHE polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do proxecto “DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN TURÍSTICA DO RECINTO FEIRAL DE MOECHE E AS SÚAS FEIRAS MONOGRÁFICAS 2023”.

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña



Doutra parte, en representación do CONCELLO DE MOECHE

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza da Secretaria Provincial.

EXPOÑEN

- 1 Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MOECHE consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN TURÍSTICA DO RECINTO FEIRAL DE MOECHE E AS SÚAS FEIRAS MONOGRÁFICAS 2023 ", coa finalidade de dinamizar o recinto feiral do concello apoiando a celebración de feiras que constitúen un reclamo turístico para a provincia.
- 2 Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MOECHE, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE MOECHE, con CIF P1502000A , fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do proxecto "DINAMIZACIÓN E POTENCIACIÓN TURÍSTICA DO RECINTO FEIRAL DE MOECHE E AS SÚAS FEIRAS MONOGRÁFICAS 2023 ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

Feira do Queixo, 26 de marzo

Xestión da organización, xestión produtores e postos e comunidade autónoma convidada, eventos de presentacións na comarca e deseño proxecto do espazo	3.006,00€
Alugamento espazo presentación en cabeceira de comarca	84,00€
Conexións eléctricas e iluminación do espazo	544,40 €
Material postos, decoración, degustacións , etc	175.00€
Persoal (información e atención público feira e eventos)	100,00€
Seguridade (ambulancia, alugamento valos de seguridade, seguros, etc)	705,00 €
Carpa exterior e escenario	2.517,00€



Infraestruras para interior (mesas postos), transporte material e megafonía	1.766,60€
Actuacións musicais, obradoiros xornada eprevios	1.500,00€
Promoción e atención Tren do queixo e bus promocional Feira a Castelo de Moeche	700,00€
Difusión e información folletos,, vinilos, lonas, agasallos promocionais, bolsas feira, etc	900,00€
Publicidade redes sociais e anuncios de promoción (medios de comunicación e publicacións)	1.290,00€
Gastos xerais aloxamento pais/comunidade convidada	310,00€
Subtotal	13.598,00€
Feira do Cabalo 23 de abril	
Seguridade (ambulancias, seguros específicos, redacción plan de prevención, pulseiras seguridade, valos de seguridade interiores e exteriores etc)	3.800,00€
Palco	968,00 €
	860,00€
Megafonía	
Xestión e organización carreira cabalar (premios, persoal para desmontaxe e control rondas	8.388,60€
Servizos veterinarios control équidos	456,00 €
Publicidade, cuñas, anuncios, carteis, trofeos	1.300,00 €
Alugamento valados seguridade carreiras	2.800,00 €
Acondicionamento, da área dos cabalos (area, vallas plásticas , colocación e retirada de estacas para cabalos) e limpeza do entorno	2.450,00 €
limpeza beirarrúas	
Servizos eléctricos soporte evento	600,00 €
Subtotal	21.622,00



Feira especial do gado vacún RRG 2023 (xullo)

Gastos de transporte e vixilancia de animais participantes, persoal montaxe valados e alpacas	1.800,00€
Carteis, folletos explicativos feira e publicidade nos medios de comunicación comarcais	700,00
Servizo fontanería instalacións bebedeiros adicionais para vacún participante no evento e rede	1.450,00
Actuacións infantís, concurso de fotografía da feirae exhibicións gandeiras ou cans pastoreo	2.050,00
Acondicionamento, limpeza e desinfección entorno e interior nave do gado	1. 100,00
Subtotal	7.100,00€

Feira das fabas 2023 (outubro)

Publicidades: carteis, pancarta, cuñas ,folletos receitas e difusión	1.400,00€
Actuacións musicais e obradoiros infantís	2.000,00€
Showcookings produtos locais e actividade concurso receitas e premios	1.850,00€
Decoración espazo e material acondicionamento postos ematerial xeral (cazolas serigrafadas, bolsas)	1. 060,00€
Subtotal	6.310,00€

ORZAMENTO TOTAL

Dinamización e potenciación turística do recinto feiral de Moeche e as súas feirasmonográficas 2023

Total 48.630,00 € (IVE incluído)

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 38.904,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o



80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MOECHE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE MOECHE. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE MOECHE, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE MOECHE deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE MOECHE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MOECHE.



VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE MOECHE, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MOECHE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE MOECHE deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA abranguerán as datas sinaladas na cláusula XIII..

2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MOECHE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MOECHE da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MOECHE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE MOECHE terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.



VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

- 1 O CONCELLO DE MOECHE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
- 2 A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
- 3 A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MOECHE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE MOECHE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificandos e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE MOECHE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE MOECHE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.



XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MOECHE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE MOECHE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de marzo de 2023 ata o 31 de outubro do 2023, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de



marzo do 2024.

2. O CONCELLO DE MOECHE deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de xaneiro de 2024.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MOECHE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña,

O representante do CONCELLO DE MOECHE,

A Secretaria Provincial"

34.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo coa Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar o proxecto "Posta en Valor do Patrimonio Natural da Serra do Careón"

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Universidade de Santiago de Compostela para cofinanciar o proxecto "Posta en Valor do Patrimonio Natural da Serra do Careón".

Visto tamén, que a natureza do asunto que se propón se axusta ás materias correspondentes á área de competencia desa "Comisión Informativa de Industria, Empresa, Medio Ambiente, Emprego e Política Demográfica", dado o seu carácter residual,

Proponse á Comisión de Industria, Empresa, Medio Ambiente, Emprego e Política Demográfica, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela , para regular a achega de 50.000,00 € para cofinanciar o proxecto "**Posta en Valor do Patrimonio Natural da Serra do Careón**", cun orzamento subvencionado de 62.500,00€, o que supón un coeficiente de financiamento do 80 % extendendo a súa vixencia ata o 31 de xullo de 2024 e as actividades terán carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerán as datas entre o 01 de maio de 2023 e o 31 de decembro de 2023 .
3. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220230034771, da aplicación orzamentaria 0520/17221/45390, do vixente Orzamento Xeral.
4. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución.

Número /2023

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR O PROXECTO "POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL DA SERRA DO CAREÓN "

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e



Doutra parte, _____, en representación da Universidade de Santiago de Compostela

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que actualmente incrementouse na sociedade a preocupación polos problemas relativos á conservación do noso patrimonio natural e da nosa diversidade. A globalización dos problemas ambientais e a crecente percepción dos efectos do cambio climático; o progresivo agotamento dalgúns recursos naturais; a desaparición, ás veces irreversible, da grande cantidade de especies da flora e fauna silvestres, e a degradación de espazos naturais de interese son motivos de preocupación para a cidadanía.

Que a Excelentísima Deputación provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela consideran de gran interese para a provincia mellorar as condicións para a posta en valor e conservación do patrimonio natural da Serra de Careón para a cidadanía coruñesa, sendo este un dos espazos protexidos de maior singularidade edáfica e botánica da provincia, sentando as bases para valorizar o espazo entre a cidadanía coruñesa, e cimentar nun coñecemento actualizado e multidisciplinar unha proposta de plan de conservación.

Que o Departamento de Botánica da USC, a través do Grupo de Investigación “Análise e Conservación da Biodiversidade” conta con investigadores de recoñecido prestixio que desenvolven a súa produción científica para promover, conservar e defender os recursos naturais e do medio ambiente.

Que o Grupo de Investigación “Análise e Conservación da Biodiversidade” reúne un coñecemento previo no estudo da Serra de Careón e das especies serpentinícolas, tendo sido algúns dos seus membros os descritores científicos de varias das especies que o caracterizan, e unha importante experiencia no establecemento de medidas de conservación en colaboración cos axentes sociais con actividade na conservación de especies e espazos.

Que a Deputación da Coruña, que ten entre as súas competencias o fomento do desenvolvemento económico e social e a protección do medio ambiente, recoñece a importancia do labor que a Universidade de Santiago de Compostela desenvolve, sobre todo no que se refire á análise e conservación do patrimonio natural e a biodiversidade así como á mellora do medio ambiente.

Que o apoio da Deputación da Coruña ao proxecto “Posta en Valor do Patrimonio Natural da Serra do Careón” que a Universidade de Santiago de Compostela desenvolve, permite beneficiar a un maior número de colectivos da provincia, polo que, en virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I. OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a



Deputación Provincial da Coruña e a Universidade de Santiago de Compostela (NIF: Q1518001A) para financiar o proxecto “Posta en Valor do Patrimonio Natural da Serra do Careón”, no que se integran os seguintes grupos de accións:

- A.- Actualización estado especies CGEA
- B.- Catálogo especies vexetais de intereses
- C.- Deseño e edición de material divulgativo
- D.- Inventario técnicas de restauración
- E.- Cartografado zonas de acción
- F.- Elaboración informe final.

II. ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Universidade de Santiago de Compostela desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

GRUPO DE ACCIÓNS A DESENVOLVER	Gastos xerais*	Contratacións externas	Persoal propio	Gastos de persoal	Desprazamentos	TOTAL
A.- Actualización estado especies CGEA	3.245,45 €	2.234,48 €	6.249,49 €	14.938,90 €	600,00 €	27.268,32 €
B.- Catálogo especies vexetais de intereses	238,08 €	-	1.249,90 €	495,71 €	-	1.983,69 €
C.- Deseño e edición de material divulgativo	759,71 €	5.531,33 €	-	-	-	6.291,04 €
D.- Inventario técnicas de restauración	757,70 €	-	2.500,81 €	3.013,52 €	-	6.272,03 €
E.- Cartografado zonas de acción	1.632,08 €	8.284,20 €	-	3.551,87 €	-	13.468,15 €
F.- Elaboración informe final	866,98 €	3.849,99 €	2.499,80 €	-	-	7.216,77 €
	7.500,00 €	19.900,00 €	12.500,00 €	22.000,00 €	600,00 €	62.500,00 €

*Gastos de carácter xeral da entidade (gastos de subministracións, auga, luz, etc.) que se adscriban directamente á realización da actividade subvencionada, co límite máximo do 15% dos gastos directos da actividade.

III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **50.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe do **80%**. A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 %



do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/17221/45390, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución do obxecto do convenio corresponderalle á entidade beneficiaria.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

a. Memoria de actuación, subscrita polo representante da entidade, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades



realizadas e dos resultados obtidos.

b. Certificación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, se fora o caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o presente ano.

c. Declaración relativa á repercusión do IVE que, se fora o caso, inclúan as facturas xustificativas do gasto realizado. De acordo co disposto no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, o IVE será subvencionable no caso de que non sexa deducible pola entidade.

d. Autorizacións individuais asinadas por cada traballador/a con salario subvencionado, para a cesión á Deputación da Coruña dos datos persoais relacionados co seu contrato de traballo.

e. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

f. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

g. Declaración de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para mesma finalidade, asinada polas persoas que exerzan a responsabilidade de tesouraría e a representación legal da entidade.

h. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar realizadas entre o 01 de maio de 2023 e o 31 de decembro de 2023.

2. Unha vez rematadas as actividades, a Universidade de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula XIII.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de



quinze días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade de Santiago de Compostela na documentación presentada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Universidade de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interese legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL

1. A Universidade de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pagamento da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Universidade de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade de Santiago de Compostela deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL



EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumplimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conlevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o incumplimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sendo de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou na presentación da xustificación estarase ao disposto na Ordenanza provincial xeral de subvencións e transferencias (BOP nº 36, do 24 de febreiro de 2021).

XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICIDADE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.



XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de xullo de 2024 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 01 de maio de 2023.

2. Para o caso de que a Universidade de Santiago de Compostela non poda presentar a xustificación antes do 31 de xullo de 2024, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial de xustificación, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2024. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención Provincial da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV. NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data _____ de _____

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación provincial da Coruña

Pola Universidade de Santiago de
Compostela

Asdo:

Asdo:"



35.- Aprobación da formalización dun convenio administrativo de colaboración entre a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Fundación PAIDEIA GALIZA para financiar o proxecto "Marketing dixital, Empregabilidade e cooperativismo" no marco do Plan de Emprego Local (PEL), anualidade 2023

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Vistos os informes e demais antecedentes sobre a proposta de formalización dun convenio administrativo coa Fundación Paideia Galiza, para cofinanciar o proxecto "MARKETING DIXITAL, EMPREGABILIDADE E COOPERATIVISMO", na anualidade 2023, propónse á Comisión de Industria, Emprego, Política Demográfica e Medio Ambiente, a toma en consideración do seguinte acordo:

1. Acreditadas as condicións especiais da entidade solicitante e o seu programa de actuacións, salvar o reparo da Intervención Xeral e Xestión Económica Financeira e exceptuar para o presente convenio os principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento da subvención, principios recollidos nos artigos 22.2 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.
2. Non ter en conta, con carácter excepcional, o principio de imputación temporal de gasto, de conformidade co establecido no art. 176 do texto refundido da Lei de Facendas Locais.
3. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa "Fundación Paideia Galiza", CIF G-15798655, para regular a achega de 86.750.00€ para cofinanciar o proxecto "MARKETING DIXITAL, EMPREGABILIDADE E COOPERATIVISMO", cun orzamento subvencionado de 173.500,00 €, o que supón un coeficiente de financiamento do 50 %.
4. Imputar o gasto ao documento RC núm. de operación 220210032987, da Partida 0520/24100/481, do vixente Orzamento Xeral.
5. Condicionar o presente gasto á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2023 tendo en conta que a vixencia do convenio exténdese ate o 31 de decembro de 2024
6. Aprobar o texto do convenio que se transcribe e facultar ao Presidente da Corporación para a súa formalización e execución:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN PAIDEIA GALIZA PARA FINANCIAR O PROXECTO "MARKETING DIXITAL, EMPREGABILIDADE E COOPERATIVISMO", NO



MARCO DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL), ANUALIDADE 2023

Na Coruña, a de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

D., en representación da Deputación Provincial da Coruña
 D., en representación da Fundación Paideia Galiza

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento

MANIFESTAN

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a Fundación Paideia Galiza consideran de gran interese para a provincia potenciar o autoemprego e o emprendemento colectivo de mozas e mozos da provincia no sector do marketing dixital, a través de modelos de traballo cooperativo.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Fundación Paideia Galiza, no marco dos seus fins e competencias, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Paideia Galiza, CIF G-15798655, para o financiamento das fases 2, 3 e 4 do proxecto "Marketing Dixital, Empregabilidade e Cooperativismo", destinado á empregabilidade de mozas e mozos da provincia da Coruña no sector do marketing dixital, a través de traballo cooperativo. O proxecto consiste en formar a mozas e mozos en desemprego e darlles a coñecer as posibilidades do autoemprego e o emprendemento colectivo no sector do Marketing Dixital, aportando formación práctica na creación e xestión dunha cooperativa.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

A Fundación Paideia levará a cabo as seguintes actividades do proxecto, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Fases 2, 3 e 4	
Premios cooperativas xuvenís (importe máximo 2 premios)	120.000,00€
Gastos de persoal (nóminas e Seguridade Social):	38.000,00€



Mentor/ dinamizador	26.000,00€
Persoal Administrativo	12.000,00€
Gastos de desprazamentos	2.000,00€
Publicidade e Difusión	5.000,00€
Gastos Demoday proxectos cooperativistas	4.000,00€
Gastos xerais	4.500,00€
Total	173.500,00€

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **86.750,00€**, o que representa unha porcentaxe do 50% do custo do proxecto. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 50% da cantidade efectivamente xustificada.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/24100/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministración necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Fundación Paideia. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Fundación Paideia, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvención.

2. A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.



3. No caso de que a Fundación Paideia tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña e se utilizará o logo oficial do Plan de Emprego Local, dispoñible na web: www.emplo.dacoruna.gal

2. Coa memoria e conta xustificativa, a Fundación Paideia achegará os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga.

VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

De acordo co disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2023, as achegas provinciais faranse efectivas despois da xustificación documental da realización das actividades ou investimentos subvencionados. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán atermos ás seguintes normas:

a) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía suficiente, polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles intereses moratorios, excepto as entidades exentas por lei da prestación de garantías ou caucións.

b) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente das súas obrigas coa facenda pública, coa Deputación e coa Tesourería da Seguridade Social.

c) Non será posible expedir un pago anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade, e logro de transcorrer o prazo de xustificación disposto, non se achegou a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente.

d) En todo caso, será tamén de aplicación o previsto no artigo 27.3 e 4 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación (publicada no BOP número 150 do 10 de agosto de 2021)

De acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol da Fundación Paideia, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

A Fundación Paideia estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a



acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- ❖ Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- ❖ Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, non seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- ❖ Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- ❖ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- ❖ A entidade deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
- ❖ A Fundación Paideia estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos correspondentes.
- ❖ Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, comprenden **dende o 1 de xuño de 2023 ata 30 de xuño de 2024**.

2. Unha vez de acordo co anterior, poderase expedir un primeiro pagamento a prol da Fundación Paideia, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, tendo en conta o exposto anteriormente e unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

A Fundación Paideia estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a



seguinte documentación:

- ❖ Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Fundación Paideia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- ❖ Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, non seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificante de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- ❖ Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- ❖ Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- ❖ A entidade deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
- ❖ A Fundación Paideia estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditarla mediante a presentación dos documentos correspondentes.
- ❖ Declaración doutras axudas solicitadas ou concedidas outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.

Rematadas as actividades, a Fundación Paideia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Fundación Paideia para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Fundación Paideia na documentación achegada. Se transcorresen máis de catro meses desde a correcta e axeitada xustificación dos compromisos adquiridos polo beneficiario sen que se lle abonase o importe da subvención provincial que lle corresponda, o beneficiario terá dereito ao aboamento do xuro legal do diñeiro, computado desde a finalización do prazo de catro meses antes indicado ata a data do pago efectivo. Se a xustificación documental fose incompleta ou insuficiente o prazo de cómputo dos xuros iniciarase cando o beneficiario emendase as deficiencias detectadas perante a Administración provincial.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. A Fundación Paideia deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste



convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial serán determinadas por ésta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A Fundación Paideia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Fundación Paideia poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Fundación Paideia queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Fundación Paideia serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á Fundación Paideia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o día 1 de xuño de 2023 ata o 30 de xuño de 2024**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o **31 de decembro de 2024**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que a Fundación Paideia non poida, por motivos excepcionais, ter executadas as actividades obxecto do convenio, e presentada a xustificación **antes do 31 de decembro de 2024** deberá solicitar alomenos un mes antes desta data a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostaría correspondente. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá aprobar por resolución da presidencia a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do **31 de outubro de 2025**. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Fundación Paideia perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.



XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das partes nomeados polo presidente da Deputación e pola Fundación Paideia, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____ do día ___ de ___ de ___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Deputación da Coruña

Pola Fundación Paideia Galiza

Asdo:

Asdo:"

ROGOS E PREGUNTAS

Sra. García Gorostizu

Gracias, señor presidente.

Ya es septiembre y esta semana empezó el curso escolar para la mayoría de los colegios de la provincia, y en Culleredo los colegios también empezaron el 11 de septiembre, pero lamentablemente algunos niños de mi concello no pueden asistir a sus clases en condiciones viales seguras. Es el caso de los vecinos que viven próximos al colegio de Tarrío, que tienen que ir a pie al colegio y los vecinos de Souto, en Orro, que tienen que coger el autobús para ir a clase. Estas dos carreteras son de la Diputación, la DP-1705 y la DP-510 y no disponen de aceras ni de iluminación.

Los vecinos de Tarrío, que se pusieron en contacto con nuestro grupo municipal, llevan 10 años pidiendo aceras en esa carretera y aumentar también el número de puntos de luz, que actualmente solo disponen en la zona escolar, pero ninguno en los 400 metros restantes de trayecto que los niños hacen a pie. Es por ello que desde nuestro grupo solicitamos, para que nuestros vecinos puedan acompañar a pie a sus hijos con las medidas de seguridad necesarias y suficientes, evitando de esta manera un fatal accidente, la ejecución de las aceras en esa carretera, en la DP-1705, la colocación de varias farolas de iluminación desde las viviendas hasta la zona escolar; el desbroce de las cunetas, y reducir también el control de velocidad, que actualmente es de 70 km/h, a la velocidad adecuada a una zona por la que pasan los niños andando en el entorno



escolar.

Y en el caso de Souto, en la parroquia de Orro, también que está en el límite con Arteixo, pasa lo mismo. Los niños tienen que ir andando unos 300 metros a la parada de autobús y no disponen ni de aceras, ni de arcenes, ni de ningún punto de luz para caminar de forma segura y tampoco reductores de velocidad, siendo una carretera que está limitada a 60 km/h.

Sr. Presidente

Estudaremos o caso. En calquera caso, se é de hai moitos anos, entendo que pode haber algún problema de execución destas obras, porque tamén cando gobernaba o Partido Popular aquí, tampouco se executou. Polo tanto, pode haber algún problema, investigaremos a ver que pasa, por que non se executou dende hai tantos anos.

En calquera caso, si que me consta que estamos executando investimentos ou imos investir, xa está aprobado neste pleno, obras por valor de máis de 2 millóns de euros precisamente nestas dúas estradas. En calquera caso, se a circunstancia é así e non hai ningún problema que xustifique esa falta de investimento dende hai moitos anos, paréceme unha demanda xusta, e atenderemos.

Moi ben, moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:37 horas.